PREGO DE PRESCRICIÓNS TÉCNICAS PARTICULARES CORRESPONDENTE AO CONTRATO DE SUBMINISTRACIÓN DE BOTAS DE CAMPAÑA PARA O PERSOAL DA EMPRESA PÚBLICA DE SERVIZOS AGRARIOS GALEGOS, SA (SEAGA). CONCURSO ABERTO.

1. OBXECTO

O presente prego ten por obxecto establecer os requisitos que, con carácter de mínimos, deben cumprir as botas de campaña a utilizar polo persoal da Empresa Pública de Servizos Agrarios Galegos, SA (SEAGA) na execución das distintas encomendas que lle faga a Consellería do Medio Rural, e en especial no dispositivo de reforzo do servizo de defensa contra os incendios forestais.

2. DESCRIPICIÓN DAS BOTAS DE CAMPAÑA

1. DEFINICION

Calzado forte de protección persoal, elaborado en coiro, con sola resistente ao rozamento e a altas temperaturas, e provisto de media cana.

2. UTILIZACIÓN

Como parte do equipo de protección persoal durante o manexo de ferramentas, e en todos os labores de campo e extinción para facilitar o desprazamento por zonas agrestes, con gran cantidade de maleza, terreos movidos e por solos requeimados.

3. BASES TÉCNICAS (Adquisicións).

a) As características do material obxecto da subministración supeditaranse ás Directivas Comunitarias sobre EPIs de acordo co Real Decreto 1.407 do 20 de novembro do 1.992. As botas serán EPI de categoría II que cumpra especificamente as seguintes normas:

EN ISO 20344 (2004) Requisitos e métodos de ensaio

EN ISO 20347 (2004) Calzado de traballo de uso profesional

EN ISO 20344: 2005/ AC:2006

EN ISO 20347/ AC:2007

E: Absorción de enerxía no tacón

HI: Illamento contra o calor radiante

HRO: Resistencia ao calor por contacto

ORO: Resistencia aos hidrocarburos

CI: Illamento contra o frío

WRU: Resistencia á penetración de auga

b) As botas serán novas, de recente fabricación e elaboradas con materiais de primeira calidade.

c) Dado que este material será utilizado en operacións de extinción, en duras condicións de traballo, as súas características básicas serán tales que reúnan, xunto á súa esmerada confección; robustez, flexibilidade, lixeireza e facilidade de conservación e mantemento, que aseguren a máxima efectividade e duración do mesmo.

d) Coa oferta presentarase o Certificado de Exame CE de Tipo deste calzado para as condicións que se establecen no punto 3, subpunto C, e un documento que indique a vida útil da prenda tanto cando está almacenada como cando se utilizou, así como o informe dos ensaios realizados para a obtención do Certificado de Exame CE de Tipo e unha mostra da subministración co correspondente folleto informativo (Anexo III, Real Decreto 1.407 do 20 de novembro de 1.992). Toda esta documentación presentarase no sobre "B", tal como se indica no Prego de Cláusulas Administrativas.

e) Acompañaranse as ofertas cunha mostra do material ofertado, que poderá ser sometida a ensaios destructivos, se procede. Ditas mostras utilizaranse para a valoración técnica das ofertas presentadas, así como para a valoración dos criterios de adxudicación. Non se devolverán as mostras.

4. CARACTERISTICAS TECNICAS

4.1 DIMENSIÓNS E PESO

A bota será de media caña, dunha altura non inferior a 225 mm e cun peso menor de 1,5 Kg. (par)

4.2 MATERIAIS

O corpo da bota estará confeccionado en pel flor vacún hidrofugada de cor negro, e a banda inferior do piso será labrada; sempre que non dificulte a fácil aireación do pe, nin a eliminación da calor. Os cordóns serán de material ígnifugo, resistente a elevadas temperaturas con probada resistencia contra a humidade e a calor por contacto; o fío utilizado no seu cosido será de gran resistencia e non sintético (Nylon ou similar).

Os ollais, remaches, etc., e demais partes metálicas que entren na súa fabricación, estarán protexidas contra a oxidación.

4.3 CORPO

A bota será do tipo de media cana, pechada con cordóns ata a parte superior da cana, dunha altura non inferior a 225 mm.

O nocello e a parte inferior da perna deben quedar ben protexidos e axustados mediante un peche con cordóns e ollais metálicos, estendéndose ata a parte superior da cana.

As canas e o fol deben estar revestidos cun acolchado hidrofugado.

O colo da bota irá acolchado e forrado con pel flor, de xeito que protexa do roce do coiro coa perna do usuario.

Todo o interior da bota irá forrado con pel flor hidrofugada perfectamente transpirable e repelente aos fluídos.

No frontal a cana irá pechada mediante unha carteira de pel cosida o bordo interno da mesma, non aceptándose a lingüeta.

O talón e a punteira irán reforzados con coiro, non admitíndose para esta última os protectores metálicos.

O coiro que entre na súa elaboración deberá estar tratado contra a humidade, non admitíndose ningún procedemento de impermeabilizado que dificulte a aireación do pé; así mesmo non se debe aplicar sobre a pel ningún tipo de graxas contra a auga.

4.4 SOLA

A sola será de caucho nitrilo en cor negro. A banda inferior da sola será de goma dura e irá cosida con cosido dobre de fío forte de gran resistencia ignífugo. A punteira da bota estará sobredimensionado.

Entre a sola e o corpo da bota disporá dun sistema termoillante a fin de illar o pé dos solos quentes. Concederase especial importancia a este sistema e as características dos materiais utilizados, valorándose a existencia dunha dobre palmilla.

O debuxo en planta e tacón será profundo e antiesvarante, constituído por tacos prismáticos en cuña, de sección trapezoidal, intercalados entre estes poden ir outros menores, con distinta disposición e forma, de maneira que a suxeición sexa máxima sobre terreos lisos, húmidos, esvarantes ou disgregables.

A entresola será dun espesor mínimo de 3 mm e dun material que permita amortiguar as irregularidades do terreo e absorber grande parte da enerxía xerada ao camiñar e saltar, para evitar que

se transfira a columna vertebral. Actuará ademais como barreira térmica sobre superficies de contacto con elevada temperatura.

Para facilitar o desprazamento nos descensos por pendentes pronunciadas ou a media ladeira, o tacón na súa zona posterior terá unha altura de 30 mm.+/-2 mm., e de 20 mm. +/- 1 mm. na inserción coa planta.

Non se deben admitir os pisos con tacón plano ou en cuña con sola de coiro lisa, e de goma branda (crepés) ou de plástico, ambas con baixo punto de fusión.

4.5 CONFECCIÓN

As pezas de pel que constitúen o corpo da bota, así como a sola, irán cosidas con fío de gran resistencia, e reforzadas con dobre puntada naquelas zonas que soporten maiores esforzos e con maior risco de rotura.

5.- TALLA

Existirán un mínimo de 15 tallas ou números, dende o nº 35 ao 49, segundo a talla continental.

Una vez adxudicado SEAGA elaborará un programa que se enviará ao adxudicatario.

Unha vez feitas as medicións correspondentes, o adxudicatario presentará, seguindo as directrices de SEAGA, unha base de datos das mesmas.

6.- ETIQUETAS

Na parte interna da lingueta convén que veña unha etiqueta fixada firmemente, na que figure o marcado CE de Tipo, o nome do fabricante, o ano de fabricación, a referencia do modelo e unhas concisas instruccións de mantemento referentes a secado, aireación, limpeza, etc. e todo o que estableza a normativa vixente. Na sola, na carteira ou na etiqueta irá gravada de forma indeleble a numeración da bota.

7.- ANAGRAMA

Non se establecerá ningún anagrama ou logotipo nas botas.

8. EMBALAXE

As botas entregaranse depositadas no interior dunha caixa de cartón resistente ao transporte, de dimensións axeitadas as botas adquiridas. No exterior das mesmas figurará ó número da talla das botas.

No interior figurará un folleto explicativo coas características, normas esixidas e instruccións de uso e mantemento.

9.- ENTREGAS E SUSBSTITUCIÓNS

9.1. ENTREGAS: CANTIDADE E CUSTES

A Empresa Adxudicataria queda obrigada á entrega do mencionado equipamento nas oficinas Provinciais de SEAGA, coordinando con SEAGA a recepción do mesmo, con verificación personalizada "in situ".

Entregaranse sucesivamente, nas datas e cantidades que determine SEAGA, 1500 pares de botas, no prazo establecido no contrato

O orzamento de licitación, con IVE incluído é de: OITENTA E OITO MIL SETECENTOS CORENTA EUROS (88.740 €)

PREZO UNITARIO : 59,16 €

Nº MÍNIMO DE UNIDADES: 1500

9.2. SUBSTITUCIÓN DE BOTAS DEFECTUOSAS

Unha vez adxudicado a unha determinada empresa, en caso de que a maior parte das botas sexan admitidas, en cada subministración, quedando algunha que non satisfaga o mínimo esixido, comunicaráselle ao provedor o defecto ou falta de calidade advertida, e se lle outorgará un prazo determinado para remitir novas botas, coas carencias apuntadas corrixidas.

Santiago de Compostela, 11 de abril de 2008

O director-xerente de SEAGA, S.A.

Xan-Bautista Cambón Rodriguez